

**Acta da sesión ordinaria da Xunta de Goberno
correspondente ao día 17 de abril de 2024**

Con data dezanove de abril do ano dous mil vinte e catro, ás catorce horas e oito minutos, reúnese a Xunta de Goberno da Deputación na Sala de Xuntas do Pazo Provincial, co fin de realizar sesión ordinaria en primeira convocatoria e tratar nela os asuntos que figuraban na orde do día, coa asistencia dos seguintes deputados e deputadas:

Presidente:

D. Luís Menor Pérez

Deputados/as:

D.^a Marta Novoa Iglesias

D. Rosendo Luis Fernández Fernández

D. Jorge Pumar Tesouro

D.^a Ana Patricia Torres Madureira

D. César Manuel Fernández Gil

D. Manuel Seoane Rodríguez

D.^a Teresa Barge Bello

Secretario:

D. Adamantino Barreiro García

Interventora:

D.^a Mónica Legaspi Díaz

Non asiste o deputado provincial don Plácido Álvarez Dobaño que escusa a súa ausencia.

A continuación iníciase o tratamento dos asuntos incluídos na orde do día, do modo que se reflicte a continuación:

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR CORRESPONDENTE Á ORDINARIA DO DÍA 8 DE ABRIL DE 2024.- A Secretaría Xeral deu traslado do borrador da acta anterior, correspondente á ordinaria do día 8 de abril de 2024.

Non se producen intervencións, polo que a **Xunta de Goberno**, por unanimidade, **adopta** o seguinte **acordo**:

- Aprobación da acta da sesión ordinaria do día 8 de abril de 2024, conforme co borrador elaborado pola Secretaría Xeral.

2.- APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA DE CONCESIÓN DE BONIFICACIÓNS A ENTIDADES POLO USO DAS INSTALACIÓNS DO PAZO DOS DEPORTES “PACO PAZ” DURANTE A TEMPADA 2023-2024.- De conformidade coa proposta favorable da Presidencia, a Xunta de Goberno, por unanimidade, adoptou o seguinte acordo:

PRIMEIRO: Aprobación das bases reguladoras e a convocatoria de concesión de bonificacións a entidades polo uso das instalacións do Pazo dos Deportes “Paco Paz”, durante a tempada 2023-2024, nos termos que se reflicten a continuación:

BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA DA CONCESIÓN DE BONIFICACIÓN A ENTIDADES POLO USO DAS INSTALACIÓNS DO PAZO DOS DEPORTES PACO PAZ DURANTE A TEMPORADA 2023-2024

1ª. OBXECTO

O obxecto destas bases é regular a concesión de bonificacións a entidades polo uso das instalacións do Pazo dos Deportes Paco Paz na temporada 2023-2024.

De conformidade co establecido na Ordenanza reguladora dos prezos públicos pola prestación de servizos e a realización de actividades no Pazo dos Deportes Paco Paz (*BOP núm. 107 de data 11.05.2023*), e segundo o dispón o seu artigo 5, *“A Xunta de Goberno poderá conceder bonificacións nas tarifas por utilización do pavillón auxiliar e o pavillón principal, trala solicitude previa dos interesados, cando a actividade para a que se van utilizar as instalacións teña un claro carácter de interese público, social, cultural ou deportivo, non podendo tratarse, en ningún caso, dunha actividade susceptible de reportarlle un beneficio económico ao solicitante. Anualmente, ao longo da temporada deportiva, a Xunta de Goberno realizará unha convocatoria pública para a solicitude e concesión de bonificacións. O acordo de convocatoria incluírá unhas bases reguladoras, nas que se definirán os prazos de presentación de solicitudes, a documentación que debe presentarse e os lugares e condicións para a súa presentación, concretándose ademais os criterios de valoración e indicadores que se van utilizar para a ponderación das solicitudes presentadas”*.

2ª. BENEFICIARIOS

Poderán ser beneficiarios aquelas entidades deportivas, culturais ou recreativas que fagan uso do Pazo dos Deportes durante a temporada 2023-2024 cando a actividade para a que se van utilizar as instalacións non reporte ningún beneficio económico á entidade solicitante e ademais teña un claro carácter de interese público, social, sociosanitario, cultural ou deportivo.

3ª. LUGAR E FORMA DE PRESENTACIÓN

As solicitudes, subscritas pola persoa representante da entidade, irán dirixidas á Presidencia da Deputación Provincial de Ourense, mediante a súa presentación no Rexistro Xeral desta entidade, de forma telemática, a través do rexistro xeral da sede electrónica da Deputación Provincial de Ourense (<http://www.depourense.es/index.php/es/sede-electronica-es>)

4ª. PRAZO DE PRESENTACIÓN

O prazo de presentación, para aquelas entidades que fagan uso das instalacións durante toda a temporada deportiva, iniciárase a partir da publicación da convocatoria regulada nestas bases no BOP de Ourense, e rematará un mes despois da súa publicación.

Para actividades puntuais e extraordinarias as solicitudes oficiais deberán presentarse con suficiente antelación ao desenvolvemento das mesmas.

5ª. DOCUMENTACIÓN PARA PRESENTAR

As solicitudes, en modelo normalizado, están a disposición de todos os interesados no taboleiro de anuncios da sede electrónica de Deputación de Ourense (<http://www.depourense.es/index.php/es/sede-electronica-es>), na páxina web do Pazo dos Deportes, www.pazopacopaz.es, nas oficinas da instalación e no BOP de Ourense no que teña lugar a convocatoria destas Bases. Coa indicada solicitude deberán acompañar a información necesaria para valorar adecuadamente os criterios que se indican a continuación.

6ª. CRITERIOS DE VALORACIÓN E PORCENTAXE DAS BONIFICACIÓNS

De conformidade co artigo 5º da Ordenanza reguladora dos prezos públicos pola prestación de servizos e a realización de actividades no Pazo dos Deportes “Paco Paz” (BOP núm. 107 de data 11.05.2023), para efectuar a ponderación das solicitudes presentadas, teranse en conta os seguintes criterios de valoración:

- a) Número total de deportistas e de equipos da entidade na súa modalidade deportiva.
Outorgarase unha maior puntuación canto maior sexa a presenza de equipos e deportistas de base, de mulleres e de persoas con diversidade funcional.(de 0 a 20

puntos). Entenderase por deportistas de base os comprendidos entre os 4 e os 18 anos.

- b) Nivel da competición dos equipos da entidade, expresando o ámbito xeográfico onde se desenvolve. Outorgarase unha maior puntuación canto máis importante sexa a competición na que participe (de 0 a 15 puntos).
- c) Condicionantes económicos da entidade provenientes da análise da última liquidación oficial de gastos e ingresos da mesma, dando maior puntuación canto máis contribución exista de fondos propios e axudas privadas (de 0 a 10 puntos).
- d) Outras especiais circunstancias, razoadas de maneira motivada, que redunden en beneficio do Pazo dos Deportes e dos seus usuarios. (de 0 a 10 puntos).

☐ Actividade puntual ou extraordinaria

- a) Número total de participantes, público asistente, breve xustificación do interese público, social, sociosanitario, cultural ou deportivo da actividade, así como a idoneidade e especial consideración a tal fin, do Pazo dos Deportes, dando máis puntos canto máis participantes, público e adecuada sexa a instalación para a actividade de que se trate (de 0 a 20 puntos).
- b) Actividades destinadas a colectivos de especial protección, respecto os que debemos contribuir a súa inclusión social, atendendo as súas necesidades específicas, contribuindo con elo o seu benestar físico, emocional e social. (de 0 a 20 puntos).
- c) Condicionantes económicos da entidade provenientes da análise do orzamento da actividade para a que se solicita a bonificación, dando maior puntuación canto máis contribución exista de fondos propios e axudas privadas (de 0 a 10 puntos).
- d) Outras especiais circunstancias, razoadas de maneira motivada, que redunden en beneficio do Pazo dos Deportes e dos seus usuarios (de 0 a 5 puntos).

7ª. RESOLUCIÓN

Tras os informes técnicos previos oportunos, a Xunta de Goberno graduará a porcentaxe da bonificación que conceda en función dos criterios de valoración indicados anteriormente e acreditados polo solicitante, podendo acadar con carácter extraordinario o 100% das tarifas establecidas.

A porcentaxe de bonificación sobre a cota do prezo público, calcularase do seguinte xeito:

- De 36 a 55 puntos..... 100 % de bonificación
- De 25 a 35 puntos..... 90 % de bonificación
- De 20 a 24 puntos..... 75 % de bonificación
- De 15 a 19 puntos.....60 % de bonificación
- De 10 a 14 puntos..... 45 % de bonificación
- De 6 a 9 puntos..... 30 % de bonificación
- De 3 a 5 puntos..... 20% de bonificación
- Menos de 3 puntos..... 0% de bonificación

8ª. RÉXIME DE PROTECCIÓN DE DATOS

Os datos persoais facilitados polas persoas usuarias incorporaranse ás correspondentes actividades de tratamento da Deputación Provincial de Ourense, e serán tratados coa finalidade específica de cada tratamento, de conformidade coa regulación establecida polo Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello sobre protección de datos de carácter persoal e coa Lei orgánica 3/2018, de protección de datos de carácter persoal e de garantía dos dereitos dixitais.

A lexitimación do tratamento baséase no cumprimento dunha obrigação legal e/ou o cumprimento dunha misión realizada en interese público.

O prazo de conservación dos datos será o legalmente previsto. Os datos solicitados unicamente serán obxecto de cesión, s e é o caso, tras o consentimento previo da persoa interesada ou de acordo co previsto na citada lexislación.

As persoas cuxos datos persoais sexan tratados por esta Administración poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como a opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma pre- vista na lexislación vixente sobre a materia, ante o órgano responsable do ficheiro. No caso de descoñecer este órgano, a solicitude dirixirase a dpd@depourense.es. Así mesmo, os usuarios e usuarias tamén teñen dereito a presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos.

SEGUNDO: Publicar o acordo de aprobación das bases reguladoras e a convocatoria de concesión de bonificacións a entidades polo uso das instalacións do Pazo dos Deportes “Paco Paz”, durante a tempada 2023-2024, no Boletín Oficial da Provincia, na páxina web do Pazo

dos Deportes, www.pazopacopaz.es, así como no taboleiro de anuncios da sede electrónica de Deputación de Ourense (<http://www.depourense.es/index.php/es/sede-electronica-es>).

3.- RESOLUCIÓN DO CONCURSO PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCÍONS PARA A REALIZACIÓN DE FESTIVAIS, CICLOS, MOSTRAS OU ACTIVIDADES ANÁLOGAS CORRESPONDENTES AO EXERCICIO 2024.- De conformidade coa

proposta favorable da Presidencia, a Xunta de Goberno, por unanimidade, adoptou o seguinte acordo:

1º) Desestimar a alegación presentada pola entidade Outonía Sociedade Cooperativa Galega, xa que a puntuación outorgada está correctamente determinada en función da documentación presentada e en aplicación dos criterios de valoración establecidos nas correspondentes bases da convocatoria.

2º) Excluir da valoración os seguintes proxectos polos motivos que se indican:

- **Asociación Cultural Escola Musical da Baixa Limia - G32450801 “Máster Class de Música”,** por ter un orzamento inferior a 3.000,00 €, como prevé a base primeira.
- **Asociación Cultural Pandereteiras Celavella – G32444341 “V Foliada Celavella”,** por ter un orzamento inferior a 3.000,00 €, como prevé a base primeira .
- **Federación Galega de Teatro Afeccionado – G15810039 “Festival Transfronterizo de Teatro Amador (FETTA)** por ter un orzamento inferior a 3.000,00 €, como prevé a base primeira .
- **Sociedad Recreativa Musical da Banda Popular de Lobios - G32025355 “V Festival de Bandas de Música** por ter un orzamento inferior a 3.000,00 €, como prevé a base primeira.
- **Concello de Barbadás - P3200900C “Festival de Panxoliñas 2024”.** por ter un orzamento inferior a 3.000,00 €, como prevé a base primeira.

3º) Conceder, conforme á valoración efectuada, as subvencións, polos importes que se indican, ós proxectos seguintes:

		Valores			
Solicitantes	Actividade	Punt. Int. Social	Punt. Autof.	Total Punt.	Importe Concedido
Asociación A Casa Vella – CIF: G32492399		6,9	7	13,89	2.144,73 €
	3º Ciclo de Artes Vivas a Casa Vella	6,9	7	13,89	2.144,73 €
Asociación Amigos do Camiño "Ultreia" As			10	11,38	

Eiras	- CIF: G32444069	1,4			1.757,17 €
	Festeiras 2024	1,4	10	11,38	1.757,17 €
Asociación Cultural A Bela Auria	- CIF: G32402737	4,7	10	14,73	2.274,44 €
	Festival Pedra	4,7	10	14,73	2.274,44 €
Asociación Cultural Arteficial	- CIF: G32364937	7,1	10	17,14	2.646,56 €
	Festival Arteficial 2024 (18ª Edición)	7,1	10	17,14	2.646,56 €
Asociación Cultural e Xuvenil Redegaita	- CIF: G32439978	11,0	3	13,98	2.158,63 €
	Anda á Varanda	11,0	3	13,98	2.158,63 €
Asociación Cultural Eirasenda	- CIF: G32443160	3,2	3	6,18	954,24 €
	Músicas no Camiño	3,2	3	6,18	954,24 €
Asociación Cultural Enlazados	- CIF: G32471054	5,0	10	15,00	2.316,13 €
	Romaría Ponte Farruca	5,0	10	15,00	2.316,13 €
Asociación Cultural Rebulir Escola de Baile e Música Tradicional	- CIF: G32378960	6,4	10	16,37	2.527,66 €
	XIX FIR – Festival Internacional Rebulir	6,4	10	16,37	2.527,66 €
Asociación Cultural Silfest	- CIF: G32463812	27,0	10	37,00	5.713,11 €
	Silfest Valdeorras 2024	27,0	10	37,00	5.713,11 €
Asociación Cultural Tiruleque Grupo de Teatro	- CIF: G32034928	5,4	10	15,35	2.370,17 €
	XVII Mostra de Teatro Amador “Terras do Orcellón”	5,4	10	15,35	2.370,17 €
Asociación Lembranza Solpor	- CIF: G44819423	5,5	7	12,54	1.936,28 €
	II Festival Lembranza Ibérica	5,5	7	12,54	1.936,28 €
Asociación Polifónica del Casino de Carballiño	- CIF: G32102535	5,2	10	15,22	2.350,10 €
	XLI Festival Galaico–		10	15,22	

	Portugués	5,2			2.350,10 €
Concello da Peroxa	- CIF: P3206000F	2,8	7	9,85	1.520,92 €
	Ciclo do Humor: A Peroxa Conta	2,8	7	9,85	1.520,92 €
Concello da Teixeira	- CIF: P3208100B	3,4	7	10,40	1.605,85 €
	Seráns de Teatro	3,4	7	10,40	1.605,85 €
Concello de Castro Caldelas	- CIF: P3202400B	5,5	10	15,54	2.399,51 €
	XXII Festival Ponte Louco	5,5	10	15,54	2.399,51 €
Concello de Coles	- CIF: P3202700E	3,1	7	10,08	1.556,44 €
	Concertos de Bandas no Concello de Coles	3,1	7	10,08	1.556,44 €
Concello de Entrimo	- CIF: P3203100G	18,2	10	28,25	4.362,04 €
	Ficar en Entrimo	18,2	10	28,25	4.362,04 €
Concello de Parada de Sil	- CIF: P3205800J	2,9	10	12,86	1.985,69 €
	VIII Certame de Coral Aqua Música Ribeira Sacra	2,9	10	12,86	1.985,69 €
Concello de San Cibrao das Viñas	- CIF: P3207600B	12,8	7	19,77	3.052,65 €
	Festival As Viñas-Fest	12,8	7	19,77	3.052,65 €
Concello de Taboadela	- CIF: P3208000D	12,4	7	19,43	3.000,15 €
	V Semana Cultural Taboadela	12,4	7	19,43	3.000,15 €
Concello de Vilamartín de Valdeorras	- CIF: P3208900E	3,4	7	10,35	1.598,13 €
	Voloswing Piano Flotante	3,4	7	10,35	1.598,13 €
Concello de Xunqueira de Ambía	- CIF: P3203700D	4,9	7	11,92	1.840,55 €
	XXXV Ciclo de Órgano e Música Antiga 2024	4,9	7	11,92	1.840,55 €

Concello do Carballiño – CIF: P3202000J		3,1	10	13,12	2.025,84 €
	16ª Festival de Títeres no Carballiño	3,1	10	13,12	2.025,84 €
Coro de Cámara Música Viva – CIF: G32392813		2,6	7	9,59	1.480,78 €
	IX Festival “Outros Países. Outras Músicas”	2,6	7	9,59	1.480,78 €
Neodans, S.C. – CIF: J32366429		5,9	10	15,92	2.458,18 €
	Festival Danza no Claustro 2024	5,9	10	15,92	2.458,18 €
Outonía Sociedade Cooperativa Galega – CIF: F42754887		5,7	7	12,72	1.964,07 €
	Festival Festas Mutantes	5,7	7	12,72	1.964,07 €
Total xeral		175,6	213	388,58	60.000,00 €

4º) Ordenar a publicación do pertinente acordo de resolución no BOP e na sede electrónica da Deputación Provincial.

4.- MODIFICACIÓN DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS MUNICIPAIS DO EXERCICIO 2024 EN RELACIÓN CON ACTUACIÓNS NO CONCELLO DE BOBORÁS.- De conformidade coa proposta favorable da Presidencia, a Xunta de Goberno, por unanimidade, adoptou o seguinte acordo:

Modificar o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos municipais do exercicio 2024 no Concello de Boborás, do xeito seguinte:

Causan alta no plan as seguintes actuacións:

No Programa de Investimentos

Denominación	Orzamento Total €
Proxecto para rehabilitación de vivendas en aldea modelo para uso de vivenda pública	300.000,00

Do citado acordo deberá darse conta á Corporación Provincial na seguinte sesión celebrada por aquela.

5.- MODIFICACIÓN DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS MUNICIPAIS DO EXERCICIO 2024 EN RELACIÓN COA ACTUACIÓN NO CONCELLO DE LEIRO.

- De conformidade coa proposta favorable da Presidencia, a Xunta de Goberno, por unanimidade, adoptou o seguinte acordo:

Modificar o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos municipais da Deputación Provincial de Ourense para o exercicio 2024 no Concello de Leiro, do xeito seguinte:

Causan baixa do plan as seguintes actuacións:

No Programa de Investimentos

Denominación	Orzamento Total €	Achega provincial €	Achega municipal €
Acondicionamento área lecer Cruceiro do Olmo	46.500.00€	46.500,00€	0,00€

Causan alta no plan as seguintes actuacións:

No Programa de Investimentos

Denominación	Orzamento Total €	Achega provincial €	Achega municipal €
Humanización Casa Nova entre os números 33 a 38	46.500.00€	46.500.00€	0,00€

Do citado acordo deberá darse conta á Corporación Provincial na seguinte sesión celebrada por aquela.

6.- MODIFICACIÓN DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS MUNICIPAIS DO EXERCICIO 2024 EN RELACIÓN CON ACTUACIÓN NO CONCELLO DE PUNXÍN.

- De conformidade coa proposta favorable da Presidencia, a Xunta de Goberno, por unanimidade, adoptou o seguinte acordo:

Modificar o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos municipais da Deputación Provincial de Ourense para o exercicio 2024 no Concello de Punxín, do xeito seguinte:

Causan baixa do plan as seguintes actuacións:

No Programa de Investimentos

Denominación	Orzamento Total €	Achega provincial €	Achega municipal €
Pavimentación de camino e muro de contención en Vilerma e pavimentación do camino da Moa e Condes de Abaixo-Punxín	46.779.50€	46.779,50€	0,00€

Causan alta no plan as seguintes actuacións:

No Programa de Investimentos

Denominación	Orzamento Total €	Achega provincial €	Achega municipal €
Acondicionamento de camino en Freás	46.779.50€	46.779.50€	0,00€

Do citado acordo deberá darse conta á Corporación Provincial na seguinte sesión celebrada por aquela.

7.- MODIFICACIÓN DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS MUNICIPAIS DO EXERCICIO 2024 EN RELACIÓN CON ACTUACIÓN NO CONCELLO DE SAN CIBRAO DAS VIÑAS.

- De conformidade coa proposta favorable da Presidencia, a Xunta de Goberno, por unanimidade, adoptou o seguinte acordo:

Modificar o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos municipais da Deputación Provincial de Ourense para o exercicio 2024 no Concello de San Cibrao das Viñas, do xeito seguinte:

Causan baixa do plan as seguintes actuacións:

No Programa de Investimentos

Denominación	Orzamento Total €	Achega provincial €	Achega municipal €
Pista de fútbol en Rante	48.000.00€	48.000,00€	0,00€

Causan alta no plan as seguintes actuacións:

No Programa de Investimentos

Denominación	Orzamento Total €	Achega provincial €	Achega municipal €
Pista multideporte en Rante	48.000.00€	48.000.00€	0,00€

Do citado acordo deberá darse conta á Corporación Provincial na seguinte sesión celebrada por aquela.

8.- SUBVENCIÓN A FAVOR DO CONCELLO DE CORTEGADA PARA EXPROPIACIÓN PARA INSTALACIÓNS E ACTIVIDADES DE OCIO DA ZONA TERMAL.

- De conformidade coa proposta favorable da Presidencia, a Xunta de Goberno, por unanimidade, adoptou o seguinte acordo:

Aprobar unha subvención a favor do Concello de Cortegada, nos seguintes termos:

- **Importe:** 295.000,00 euros.

- **Obxecto:** Expropiación para instalacións e actividades de ocio da zona termal.

- **Xustificación:** A subvención xustificárase mediante a presentación de certificado expedido pola persoa que teña ao seu cargo o desempeño das funcións de intervención do concello beneficiario, no que se acrediten respecto da actuación subvencionada, os seguintes extremos:

- 1.- Que se cumpriu a finalidade para a que foi concedida a subvención.
- 2.- Que a xustificación da subvención concedida se refire ao mesmo proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, indicando, de ser o caso, se houbo algunha variación con respecto ao proxecto inicial.
- 3.- Que a xustificación da subvención de referencia, acada o importe do orzamento presentado para a concesión da subvención (346.234,68 euros) indicando, en caso contrario, a porcentaxe que supón.
- 4.- Que os documentos xustificativos do gasto foron aprobados polo órgano competente.
- 5.- Que a entidade local se atope ao corrente das súas obrigas tributarias coa Facenda Estatal, Autonómica e coa Seguridade Social.
- 6.- Relación das subvencións concedidas á entidade local beneficiaria para a mesma finalidade, indicando o seu importe e os conceptos subvencionados.

Poderán realizarse pagamentos a conta, previa solicitude do interesado, que consistirán na realización de pagos fraccionados que responderán ao ritmo de execución das accións subvencionadas, aboándose por contía equivalente á xustificación presentada. Para a realización dos pagamentos a conta, deberán presentarse os xustificantes correspondentes. En todo caso, a realización destes pagamentos non implica unha declaración definitiva como xustificado do gasto correspondente, nin exime da necesidade de presentar a conta xustificativa completa ao remate da execución do proxecto. En consecuencia, no caso de que a subvención non se estimase xustificada no trámite final, a Deputación poderá esixir o reintegro das cantidades aboadas a conta, de concorrer causa legal conforme ao artigo 37 da Lei xeral de subvencións.

Sen prexuízo do anterior, poderán realizarse pagos anticipados, a instancia dos interesados, suxeitos á constitución de garantía, segundo o establecido no dito artigo 16 da Ordenanza xeral de subvencións e coas excepcións correspondentes, por importe do 100% do anticipo solicitado. Non obstante o anterior, estarán exentos de prestación de garantías as entidades locais, agás no suposto de que no momento da solicitude do anticipo, teñan débedas líquidas, vencidas e esixibles pendentes de pago coa Deputación por un importe que supere o 10% dos recursos ordinarios do orzamento da entidade solicitante, nestes supostos as entidades locais deberán acompañar certificación expedida polo funcionario encargado da

intervención, expresiva do importe dos recursos ordinarios do último exercicio liquidado da entidade.

De acordo co establecido no artigo 16 da Ordenanza xeral de subvencións, as subvencións, como regra xeral, seranlle aboadas ao beneficiario unha vez xustificadas, no prazo máximo de trinta días naturais dende que se dite o acto administrativo no que se teña por xustificada a subvención.

- **Prazo xustificación:** ata o 30 de novembro de 2024.

O dito prazo terá como regra xeral carácter improrrogable, agás causa de forza maior debidamente acreditada pola entidade interesada, que en todo caso deberá solicitar a oportuna prórroga antes de finalizar o prazo de xustificación establecido no acordo de resolución.

9.- SUBVENCIÓN A FAVOR DO CONCELLO DE ESGOS PARA INSTALACIÓN DE PISTA DEPORTIVA DE PÁDEL DESCUBERTA NO NÚCLEO DE ESGOS.- De conformidade coa proposta favorable da Presidencia, a Xunta de Goberno, por unanimidade, adoptou o seguinte acordo:

Aprobar unha subvención a favor do Concello de Esgos, nos seguintes termos:

- **Importe:** 12.603,53 euros.

- **Obxecto:** Instalación de pista deportiva de pádel descuberta no núcleo de Esgos.

- **Xustificación:** A subvención xustificárase mediante a presentación de certificado expedido pola persoa que teña ao seu cargo o desempeño das funcións de intervención do concello beneficiario, no que se acrediten respecto da actuación subvencionada, os seguintes extremos:

1.- Que se cumpriu a finalidade para a que foi concedida a subvención.

2.- Que a xustificación da subvención concedida se refire ao mesmo proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, indicando, de ser o caso, se houbo algunha variación con respecto ao proxecto inicial.

3.- Que a xustificación da subvención de referencia, acada o importe do orzamento presentado para a concesión da subvención (52.565,07 euros da obra, e 1.766,89 euros da redacción do proxecto e 2.208,61 euros do contrato de Seguridade e Saúde) indicando, en caso contrario, a porcentaxe que supón.

4.- Que os documentos xustificativos do gasto foron aprobados polo órgano competente.

5.- Que a entidade local se atope ao corrente das súas obrigas tributarias coa Facenda Estatal, Autonómica e coa Seguridade Social.

6.- Relación das subvencións concedidas á entidade local beneficiaria para a mesma finalidade, indicando o seu importe e os conceptos subvencionados.

7.- Que se cumpriu coa normativa aplicable en materia de contratos do sector público, en particular, coa lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, de ser necesario.

Poderán realizarse pagamentos a conta, previa solicitude do interesado, que consistirán na realización de pagos fraccionados que responderán ao ritmo de execución das accións subvencionadas, aboándose por contía equivalente á xustificación presentada. Para a realización dos pagamentos a conta, deberán presentarse os xustificantes correspondentes. En todo caso, a realización destes pagamentos non implica unha declaración definitiva como xustificado do gasto correspondente, nin exime da necesidade de presentar a conta xustificativa completa ao remate da execución do proxecto. En consecuencia, no caso de que a subvención non se estimase xustificada no trámite final, a Deputación poderá esixir o reintegro das cantidades aboadas a conta, de concorrer causa legal conforme ao artigo 37 da Lei xeral de subvencións.

Sen prexuízo do anterior, poderán realizarse pagos anticipados, a instancia dos interesados, suxeitos á constitución de garantía, segundo o establecido no dito artigo 16 da Ordenanza xeral de subvencións e coas excepcións correspondentes, por importe do 100% do anticipo solicitado. Non obstante o anterior, estarán exentos de prestación de garantías as entidades locais, agás no suposto de que no momento da solicitude do anticipo, teñan débedas líquidas, vencidas e esixibles pendentes de pago coa Deputación por un importe que supere o 10% dos recursos ordinarios do orzamento da entidade solicitante, nestes supostos as entidades locais deberán acompañar certificación expedida polo funcionario encargado da intervención, expresiva do importe dos recursos ordinarios do último exercicio liquidado da entidade.

De acordo co establecido no artigo 16 da Ordenanza xeral de subvencións, as subvencións, como regra xeral, seranlle aboadas ao beneficiario unha vez xustificadas, no prazo máximo de trinta días naturais dende que se dite o acto administrativo no que se teña por xustificada a subvención.

- Prazo xustificación: ata o 31 de outubro de 2024.

O dito prazo terá como regra xeral carácter improrrogable, agás causa de forza maior debidamente acreditada pola entidade interesada, que en todo caso deberá solicitar a oportuna prórroga antes de finalizar o prazo de xustificación establecido no acordo de resolución.

10.- SUBVENCIÓN A FAVOR DA ESCUDERÍA OURENSE PARA CELEBRACIÓN DO RALLY OURENSE, CORRESPONDENTE AO EXERCICIO 2024.-

De conformidade coa proposta favorable da Presidencia, a Xunta de Goberno, por unanimidade, adoptou o seguinte acordo:

Aprobar unha subvención a favor da Escudería Ourense, nos seguintes termos:

- **Importe:** 53.000,00 euros.

- **Obxecto:** Celebración do Rally Ourense, correspondente ao exercicio 2024.

- **Xustificación:** a subvención xustificárase mediante a presentación da conta xustificativa, todo isto de conformidade co que dispoñen os artigos 30 e 31 da Lei xeral de subvencións e o artigo 75 do Regulamento da antedita lei (modelos C1, C2, C3 dispoñibles na páxina web da Deputación Provincial de Ourense: <https://www.depourense.gal/index.php/seccion-de-subvencions>), á que se lle unirán os orixinais das facturas ou dos correspondentes documentos de valor probatorio equivalente, e as certificacións de estar ao día no cumprimento das obrigacións tributarias coa Facenda Estatal, Autonómica de Galicia e coa Seguridade Social.

Así mesmo, deberá achegar, xunto coa documentación establecida no parágrafo anterior, declaración responsable sobre a natureza do IVE, segundo o modelo dispoñible na páxina web da Sección de Subvencións da Deputación Provincial de Ourense <https://www.depourense.gal/index.php/seccion-de-subvencions>.

De conformidade co artigo 15.1 b) da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial de Ourense, para considerar xustificada a subvención deberá acreditarse a realización dun investimento por unha contía igual ou superior ao orzamento presentado para a concesión da subvención (141.677,50 euros). No suposto en que só se xustifique unha contía inferior, a subvención reducirase proporcionalmente, agás nos seguintes supostos, nos que procederá a perda total do dereito á subvención:

a) Que a redución supoña o total incumprimento da finalidade da subvención.

b) Que a redución do orzamento da actuación executada con respecto ao presentado coa solicitude sexa tal que, de ser tida en conta na valoración efectuada para a concesión, tivese dado lugar á denegación da subvención.

Igualmente, non se considerará xustificada unha subvención cando, aínda manténdose a contía de gasto prevista, se producisen cambios ou modificacións de carácter substancial no proxecto, entendendo por tales aqueles que, de ter sido contemplados na solicitude, terían dado lugar a unha valoración inferior do proxecto, ou aqueles que consistan na realización dunha actividade esencialmente distinta á proxectada.

Naqueles casos nos que as modificacións só afecten a parte do proxecto, a subvención poderá considerarse parcialmente xustificada na parte non afectada, declarándose a perda do dereito á subvención correspondente ao resto.

En todo caso, cando a contía do gasto xustificado sexa inferior ao 25% do orzamento presentado coa solicitude de subvención, esta entenderase automaticamente como non xustificada, dando lugar ao reintegro ou perda total do dereito á subvención.

Poderán realizarse pagamentos a conta, previa solicitude do interesado, que consistirán na realización de pagos fraccionados que responderán ao ritmo de execución das accións subvencionadas, aboándose por contía equivalente á xustificación presentada. Para a realización dos pagamentos a conta, deberán presentarse as facturas e xustificantes correspondentes. En todo caso, a realización destes pagamentos non implica unha declaración definitiva como xustificado do gasto correspondente, nin exime da necesidade de presentar a conta xustificativa completa ao remate da execución do proxecto. En consecuencia, no caso de que a subvención non se estimase xustificada no trámite final, a Deputación poderá esixir o reintegro das cantidades aboadas a conta, de concorrer causa legal conforme ao artigo 37 da Lei xeral de subvencións.

De acordo co establecido no artigo 16 da Ordenanza Xeral de Subvencións, as subvencións, como regra xeral, serán aboadas ao beneficiario unha vez xustificadas, no prazo máximo de trinta días naturais dende que se dite o acto administrativo no que se teña por xustificada a subvención.

Sen prexuízo do anterior, poderán realizarse pagos anticipados, a instancia dos interesados, suxeitos á constitución de garantía, segundo o establecido no dito artigo 16 da Ordenanza xeral de subvencións e coas excepcións correspondentes, por importe do 100% do anticipo solicitado.

Ao abeiro do establecido no artigo 31.2 da Lei xeral de subvencións, considerarase como gasto efectivamente realizado aquel cuxa obriga de pago fose contraída antes do vencemento do prazo de xustificación da subvención. En consecuencia, non será preciso

acreditar a realización do pago na conta xustificativa. Non obstante o anterior, e no exercicio das súas facultades de control financeiro, a Intervención poderá realizar procedementos simplificados de control financeiro, consistentes en esixir, a partir do mes seguinte ao do pago da subvención, a acreditación do pago da totalidade dos gastos incluídos na conta xustificativa. O incumprimento desta obriga dará lugar á obriga de reintegro por parte do beneficiario, así como á imposición das sancións que procedan.

- **Prazo xustificación:** ata o 31 de outubro de 2024.

O dito prazo terá como regra xeral carácter improrrogable, agás causa de forza maior debidamente acreditada pola entidade interesada, que en todo caso deberá solicitar a oportuna prórroga antes de finalizar o prazo de xustificación establecido no acordo de resolución.

11.- ASUNTOS DE URXENCIA.- Non se suscitaron.

12.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.- Non se presentaron.

13.- ROGOS E PREGUNTAS.- Non se formularon.

E, ás catorce horas e dezaioito minutos do referenciado día dezasete de abril do ano dous mil vinte e catro, a Presidencia dá por rematada a sesión da Xunta de Goberno, e redáctase esta acta, que se asinará electronicamente.

.